



AXUDAS PARA COMPRAR LIBROS DE TEXTO

1º e 3º ESO Curso 2015/16

A orde do 22 de maio de 2015, (DOG do luns 1 de xuño de 2015), regula o adquisición de libros de texto destinado a alumnado de 1º e 3º de ESO en centros públicos para o curso escolar 2015/16, e nela conclúese que:

- **Cursos para os que se poden pedir axudas:** só 1º e 3º de ESO
- **Prazo e lugar para entregar as solicitudes:** *Na secretaría do Instituto*
 - 25 de xuño ao 27 de xullo só para os que se matriculen en xuño ou xullo.
 - 2 de setembro ao 2 de outubro só para os que se matriculen en setembro.
- **Documentación a entregar:**

1- **Solicitud debidamente cuberta e asinada .**

As solicitudes pódense recoller na Secretaría, ou baixalas de internet en <https://sede.xunta.es> ou no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> e deberán ir asinadas polo/a proxenitor/a ou representante legal do alumnado e farase 1 por cada alumno ou alumna.

2- **Copia do libro de familia onde figuren todo os membros da unidade familiar.**

A situación familiar que se ten en conta é a que existía a 31 de decembro de 2013, non contando os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data nin os maiores de 25 anos. **Se os datos actuais non coinciden cos do libro de familia deberá achegar documentación xustificativa:** sentenza de separación ou divorcio ou custodia do menor, certificado de convivencia, falecemento, discapacidade, violencia de xénero, etc, segundo sexa o caso.

- **Requisitos para poder obter as axudas:**

1º: Entregar a solicitude e a documentación xustificativa dentro do prazo establecido.

2º: Ter devolto os libros adquiridos coas axudas do curso 2014/15.

3º: Non superar os 9000 Euros de renda por persoa na unidade familiar.

O cálculo da renda farase sumando as casiñas 366 e 374 da declaración da renda do ano 2013. Se non se presentou declaración sumaranse os ingresos netos de todos os membros da familia. En ambos os dous casos os ingresos totais divídense polo número de membros familiares e esa cantidade é a renda per cápita.

4º: Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño.

- **Contía das axudas**

- **180** Euros se a renda per cápita e menor de 5400 Euros.

- **104** Euros se a renda per cápita é entre 5400,01 e 9000 Euros.